

PROCEDEMENTO: **CT214A**

ASUNTO: **Resolución de concesión dos premios XXVI Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, XII Manuel María de literatura dramática infantil e XV Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, edición 2022**

ANTECEDENTES

1. O 14 de febreiro de 2022 publícase no *Diario Oficial de Galicia* (nº 30) a resolución do 28 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria para a concesión dos premios XXVI Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, XII Manuel María de literatura dramática infantil e XV Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, edición 2022.
2. Con datas 17 de outubro e 3 de novembro de 2022, celébranse senllas reunións do xurado designado por resolución da dirección da Agadic de 3 de maio de 2022, composto polos seguintes membros: Cristina Domínguez Dapena (presidenta), Santiago Cortegoso Calvar (vogal), María Esther Fernández Carrodegas (vogal), Francisco Macías Macías (vogal), Carolina Ramos Pollán (vogal), María do Carme Varela Rodríguez (vogal) e Marcelina Calvo Domínguez (secretaria).
3. Con data 8 de novembro de 2022, e vistas as actas do xurado correspondentes ás reunións do 17 de outubro e 3 de novembro de 2022, o director da Axencia Galega das Industriais Culturais da Agadic, como órgano instrutor do procedemento, ditou a proposta de resolución de concesión dos premios, en cumprimento do estipulado na base décima da convocatoria.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución da concesión dos premios o presidente do Consello Reitor de Agadic, de conformidade co disposto no punto 1 da resolución do 28 de xaneiro pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria dos premios XXVI Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, XII Manuel María de literatura dramática infantil e XV Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, edición 2022, que deberá emitir resolución definitiva no prazo de quince días dende a data de elevación a proposta de resolución.
2. Todos os expedientes de solicitude presentados foron tramitados e valorados conforme as bases da convocatoria.
3. Os textos presentados baixo os títulos *Donas de nós* (exp. BVI02), *A nunca vista* (exp. AC46), *Lume* (exp. AC32) e *O parque* (exp. BVI05) quedan fóra do proceso por resultar premiados noutros concursos ou convocatorias, como así lle foi comunicado oficialmente polos interesados á Agadic a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Dáse cumprimento, así, ao establecido na base terceira da convocatoria: "Durante a tramitación do procedemento de concesión desta convocatoria, as persoas participantes teñen obriga de comunicarlle á Agadic a concesión de calquera premio que obteña o texto presentado en canto esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do proceso".
4. Os días 17 de outubro e 3 de novembro de 2022, o xurado reúne para avaliar as solicitudes segundo os criterios de valoración expresados na base décima da convocatoria e emiten as actas correspondentes.



5. Como resultado de todo o proceso, o director da Agadic dita proposta de resolución con data 8 de novembro de 2022.

Por todo o anteriormente exposto, e en base ás actas de ditame do xurado e á proposta de resolución do director da Agadic de 8 de novembro de 2022, e de conformidade con esta,

RESOLVO

1. Outorgar os premios XXVI Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, XII Manuel María de literatura dramática infantil e XV Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidades para rapaces e adultos, aos textos indicados a continuación:

XXVI premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais

Obra: *O traxe* (expediente AC31)

Autor: José Fernando Castro Paredes

Puntuación obtida: 78

Importe do premio: 8.000 euros

XII premio Manuel María de literatura dramática infantil

Obra: *Nin me amoles* (expediente MM14)

Autora: Ana María Carreira Varela

Puntuación obtida: 78

Importe do premio: 6.000 euros

XV premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques- modalidade para rapaces

Obra: *Os contos do Lobicán* (expediente BVI10)

Autora: Eva María Mejuto Rial

Puntuación obtida: 62

Importe do premio: 6.000 euros

XV premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques- modalidade adultos

Obra: *Nas nubes* (expediente BVA03)

Autor: José Luis Baños de Cos

Puntuación obtida: 60

Importe do premio: 6.000 euros

2. Declarar non premiados os restos dos orixinais presentados:

XXVI PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS

exp.	título/lema	total puntuación
AC01	Unha maleta propia / Axóuxere	53
AC02	Hamlet	52
AC03	Xentes que veñen e van	54
AC04	Diario dun poeta acabado de divorciar	44
AC05	Brancor	54



AC06	Vinganza de cristal	39
AC07	Octeto Oberhaus / Maio 2022	44
AC08	Ondas	56
AC09	Protagonista nunha gaiola	57
AC10	Chocolate amargo	52
AC11	Emoción da censura	43
AC12	O peito compartido	54
AC13	Álbum ilustrado do gran reino animal / Naturalismo	47
AC14	Esquecemento en serie	55
AC15	Cinzas e vento	61
AC16	Landslide	52
AC17	Farukh	54
AC18	Pulso	38
AC19	Conto do bambán / Doutor Alveiros	51
AC20	Contracorrente	57
AC21	Bsanda Ebé / A espada de Deus	40
AC22	Linguas de gato	53
AC23	Sincronizadas / Hilda	54
AC24	Noite no deserto / Horst	72
AC25	Bonecos / Alicia Liddell	49
AC26	Edipo raíña / Ana Karenina	55
AC27	Conxo, non restraint	65
AC28	Mentiras da clase obreira / Palacios	56
AC29	Cantou o galo / Monicreque	50
AC30	O cadáver de Aristóteles / Kantor	47
AC33	Fracasadas	53
AC34	Accidente	40
AC35	Nadar no naufraxio	53
AC36	A vida interior dos seres planta	65
AC37	Paisaxe Urb-Humana / Efectos secundarios de Pfizer Comirnaty	49
AC38	Nichos con vistas	48
AC39	Á luz do día, nalgún lugar do mundo, a algunha muller	41
AC40	Maseira / Dyer	50
AC41	(Z29.0)	46
AC42	Betelxeuse / Morgen augsburg	50
AC43	Herdanzas	45
AC44	Nunca cuspirás sobre a tumba de Cioran	47
AC45	Rapsodia / Listz	46
AC47	Roulette / Statice Sinuate Semper	51
AC48	De Dinamarca	51

XII MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL

exp.	título/lema	total puntuación
MM01	Medo me dá!	53
MM02	A illa das marabillas	48
MM03	Moirá e os catro misterios	57
MM04	Ás novas para Lía	52
MM05	O cantar das estrelas	53
MM06	Fóra de xogo	69
MM07	A lenda esquecida do mar azul	46
MM08	Capitán Garfo e o mapa de Bieito Souto / A balea de Pericles	67
MM09	A primavera da aldea / Paporrubio	45
MM10	Cando o vello Marco Polo volveu da China / Chu Lin	50
MM11	Lúa e Sol, unha historia de amor	38
MM12	O agasalho / Eva Harrington	57
MM13	O traballo do lobo / Feroz	52



MM15	Escacha toupas!	51
MM16	A estación de Vila-Solpor	47
MM17	Piollos ao rescate!	50

XV BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES modalide para rapaces

exp.	título/lema	total puntuación
BVI01	Adela vive unha aventura	48
BVI03	Adeus, Olláparo / A dama do castro	59
BVI04	A colosal aventura de Melusina en Mondoleo / Parloteiro	51
BVI06	Queixoland	50
BVI07	Xan e Pericán	38
BVI08	O traballo do lobo / Feroz	52
BVI09	Pinga de sol	45
BVI11	Cabaleiro de París	46

XV BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES modalidade adultos

exp.	título/lema	total puntuación
BVA01	De grilos e monstros	42
BVA02	Nin pío	30
BVA04	Deconstrución dun monicreque	57
BVA05	Queixoland	44
BVA06	O mundo treme / Goldoni	41
BVA07	Obxecto directo / Minoría absoluta	44
BVA08	As andanzas de Loureano e Floriano	35

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia co Consello Reitor da Agadic no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución ou ben de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade co establecido nos artigos 8.2.a) e 14 e 46 respectivamente da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O presidente do Consello Reitor da Agadic
Román Rodríguez González

